

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE CULLEREDO
CELEBRADA O DÍA VINTE E SEIS DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E
TRES**

ASISTENTES:

Presidente:

Don José Ramón Rioboo Castro, alcalde-presidente (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as:

Grupo municipal do PSdeG-PSOE:

D^a. Cristina Pardo Portos
D. Carlos Liñares Gestal
D^a. Marta María Iglesias Becerra
D^a. María Penélope López Díaz
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D^a. Marta María Figueroa Fuentes
D. Mario Alfonso Iglesias Gómez

Grupo municipal do PP:

D^a. Izaskun García Gorostizu
D. Marco Antonio Pazos Regueiro
D. Juan Carlos Leites Maneiro
D. José Antonio Golpe Faraldo
D^a. Vanesa Fernández González
D. Antonio Bouza Teijeiro
D. Manuel Núñez Seoane

Grupo municipal do BNG:

D. Enrique Antonio Chouciño Garrido
D^a. María Beatriz Pérez Mosquera
D. Gonzalo Méndez Mosqueira
D. Xabier Fernández Villarrenaga Vázquez

Grupo municipal AA.VV.:

D^a. Indrani Thais Palla Maceiras
D. Miguel Fraga Pulleiro

Secretario:

D. José Villán Fuertes

Interventora:

D^a. Sonia Corral Corral

Na sala de sesións da Casa do Concello de Culleredo, ás vinte horas (20:00 h) do día vinte e seis de setembro de dous mil vinte e tres (26/09/2023), reúnese

1 de 106

en sesión ordinaria o Pleno municipal, en primeira convocatoria, previamente convocadas ao efecto por resolución núm. 1715 do 21/09/2023, as persoas membros do Pleno do Concello relacionadas, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente don José Ramón Rioboo Castro.

Foron asistidos polo Secretario e pola Interventora municipais.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame do único asunto incluído na Orde do Día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR:

*** ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DE DATA 1 DE AGOSTO DE 2023.**

Sometido a votación, por unanimidade dos seus membros (21), o Pleno municipal aproba a acta da sesión extraordinaria e urxente celebrada o 01/08/2023.

2.- COMPOSICIÓN NOMINATIVA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES E ESPECIAIS, XUNTA DE VOCEIROS, COMISIÓN PARITARIA DE INTERPRETACIÓN, SEGUIMENTO DO ACORDO REGULADOR DO PERSOAL FUNCIONARIO E DO CONVENIO DO PERSOAL LABORAL E GRUPO DE ACCIÓN URBANA (GAU). ACEPTACIÓNS DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS E PARCIAIS. NOMEAMENTOS PERSOAL EVENTUAL. DACIÓN DE CONTA.

2.1.- A Presidencia dá conta da proposta da Alcaldía, de data 14/09/2023 (código de documento USG17I04SP), que se transcribe no seu literal:

«PROPOSTA

Composición nominativa comisións informativas permanentes e especiais, Xunta de Voceiros, Comisión paritaria de interpretación, seguimento do acordo regulador do persoal funcionario e do convenio do persoal laboral e Grupo de Acción Urbana (GAU)

O pleno municipal queda enterado dos seguintes escritos presentados polos voceiros dos grupos políticos municipais, polos que se pon en coñecemento da Corporación cales son os concelleiros/as que representan a cada un dos grupos nas comisións informativas e outros órganos colexiados de estudo e proposta, conforme a composición acordada polo pleno na sesión extraordinaria e urxente celebrada o 1 de agosto de 2023, punto número 7 da orde do día.

1. Determinación voceiros/as de cada grupo municipal:

- Escrito presentado en data 22/06/2023 (registro de entrada 2023/7143): determinación voceiras (titular e suplente) do Grupo Municipal do Partido Socialista de Galicia (PSOE).

Código do documento	Código do expediente
USG17I067F	USG/2023/158
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 1R5H 0Y2M 1X6V 4H2E 13WL	

- Escrito presentado en data 22/06/2023 (registro de entrada 2023/7153): determinación voceira/os titular e suplentes do Grupo Municipal do Partido Popular (PP).
- Escrito presentado en data 21/06/2023 (registro de entrada 2023/7079): determinación voceiros/a titulares e suplentes do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG).
- Escrito presentado en data 22/06/2023 (registro de entrada 2023/7142): determinación voceira/o titular e suplente do Grupo Municipal Alternativa dos Veciños.

2. Escritos presentados por cada grupo municipal determinando representantes en cada unha das comisións informativas permanentes e especiais:

1. Don José Ramón Rioboo Castro, alcalde-presidente, do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia (PSdG-PSOE), registro de entrada núm. 2023/9018, de data 17 de agosto de 2023.
2. Dona Izaskun García Gorostizu, voceira do grupo municipal do Partido Popular (PP), registro de entrada núm. 2023/8928, de data 11 de agosto de 2023.
3. Don Enrique Antonio Chouciño Garrido, voceiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, registro de entrada número 2023/8932, de data 14 de agosto de 2023.
4. Dona Indrani Thais Palla Maceiras, voceira do grupo municipal Alternativa dos Veciños, registro de entrada número 2023/8915, de data 11 de agosto de 2023.

3. Escritos presentados polos grupos municipais Partido Popular, Bloque Nacionalista Galego e Alternativa dos Veciños determinando representantes na Comisión Paritaria de interpretación, seguimento do acordo regulador do persoal funcionario e do convenio do persoal laboral e Grupo de Acción Urbana (GAU):

5. Dona Izaskun García Gorostizu, voceira do grupo municipal do Partido Popular (PP), registro de entrada núm. 2023/9398, de data 30 de agosto de 2023.
6. Don Enrique Antonio Chouciño Garrido, voceiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, registro de entrada número 2023/9858, de data 11 de setembro de 2023.
7. Dona Indrani Thais Palla Maceiras, voceira do grupo municipal Alternativa dos Veciños, registro de entrada número 2023/9811, de data 11 de setembro de 2023.

De tal xeito os referidos órganos colexiados quedarán integrados da maneira seguinte:

Primeiro.- Comisións Informativas Permanentes:

A) Comisión Informativa de Presidencia (CIP)

Titulares:	Suplentes:
Polo grupo municipal do PSdG-PSOE José Ramón Rioboo Castro Marta María Iglesias Becerra Carlos Liñares Gestal	Cristina Pardo Portos Marta María Figueroa Fuentes María Penélope López Díaz
Polo grupo municipal do PP Izaskun García Gorostizu Antonio Bouza Teijeiro Manuel Núñez Seoane	Vanesa Fernández González José Antonio Golpe Faraldo Marco Antonio Pazos Regueiro
Polo grupo municipal do BNG Enrique Antón Chouciño Garrido Beatriz Pérez Mosquera	Gonzalo Méndez Mosqueira Xabier Fernández-Villarrenaga Vázquez
Polo grupo municipal de AV Miguel Fraga Pulleiro	Indrani Thais Palla Maceiras

B) Comisión Informativa de Cohesión Social e Réxime Interior (CICSRI):

Titulares:	Suplentes:
Polo grupo municipal do PSdG-PSOE José Ramón Rioboo Castro Marta María Figueroa Fuentes María Penélope López Díaz	Cristina Pardo Portos Juan Carlos Iglesias Lovelle Marta María Iglesias Becerra
Polo grupo municipal do PP Marco Antonio Pazos Regueiro Juan Carlos Leites Maneiro José Antonio Golpe Faraldo	Izaskun García Gorostizu Antonio Bouza Teijeiro Vanesa Fernández González
Polo grupo municipal do BNG Xabier Fernández-Villarrenaga Vázquez Beatriz Pérez Mosquera	Enrique Antón Chouciño Garrido Gonzalo Méndez Mosqueira
Polo grupo municipal de AV Miguel Fraga Pulleiro	Indrani Thais Palla Maceiras

C) Comisión Informativa de Dinamización Social (CIDS):

Titulares:	Suplentes:
Polo grupo municipal do PSdG-PSOE José Ramón Rioboo Castro Juan Carlos Iglesias Lovelle Mario Alfonso Iglesias Gómez	María Penélope López Díaz Marta María Iglesias Becerra Marta María Figueroa Fuentes
Polo grupo municipal do PP Juan Carlos Leites Maneiro Vanesa Fernández González Izaskun García Gorostizu	Antonio Bouza Teijeiro Manuel Núñez Seoane José Antonio Golpe Faraldo
Polo grupo municipal do BNG Gonzalo Méndez Mosqueira Xabier Fernández-Villarrenaga Vázquez	Enrique Antón Chouciño Garrido Beatriz Pérez Mosquera
Polo grupo municipal de AV Miguel Fraga Pulleiro	Indrani Thais Palla Maceiras

C.I.F. P-1503100-H

Segundo.- Comisiones Informativas Especiais

A) Comisión Especial de Contas

Titulares:	Suplentes:
Polo grupo municipal do PSdG-PSOE Marta María Iglesias Becerra Cristina Pardo Portos José Ramón Rioboo Castro	Marta María Figueroa Fuentes Carlos Liñares Gestal María Penélope López Díaz
Polo grupo municipal do PP Izaskun García Gorostizu Vanesa Fernández González Antonio Bouza Teijeiro	José Antonio Golpe Faraldo Manuel Núñez Seoane
Polo grupo municipal do BNG Beatriz Pérez Mosquera Gonzalo Méndez Mosqueira	Enrique Antón Chouciño Garrido Xabier Fernández-Villarrenaga Vázquez
Polo grupo municipal de AV Miguel Fraga Pulleiro	Indrani Thais Palla Maceiras

B) Comisión Especial do Aeroporto

Titulares:	Suplentes:
Polo grupo municipal do PSdG-PSOE Cristina Pardo Portos Marta María Iglesias Becerra José Ramón Rioboo Castro	Carlos Liñares Gestal María Penélope López Díaz Mario Alfonso Iglesias Gómez
Polo grupo municipal do PP Marco Antonio Pazos Regueiro José Antonio Golpe Faraldo Manuel Núñez Seoane	Antonio Bouza Teijeiro Vanessa Fernández González
Polo grupo municipal do BNG Enrique Antón Chouciño Garrido Beatriz Pérez Mosquera	Gonzalo Méndez Mosqueira Xabier Fernández-Villarrenaga Vázquez
Polo grupo municipal de AV Miguel Fraga Pulleiro	Indrani Thais Palla Maceiras

C) Comisión Especial do Plan Xeral de Ordenación Municipal:

Titulares:	Suplentes:
Polo grupo municipal do PSdG-PSOE Marta María Iglesias Becerra Carlos Liñares Gestal José Ramón Rioboo Castro	Cristina Pardo Portos María Penélope López Díaz Marta María Figueroa Fuentes
Polo grupo municipal do PP Izaskun García Gorostizu Antonio Bouza Teijeiro José Antonio Golpe Faraldo	Vanessa Fernández González Manuel Núñez Seoane
Polo grupo municipal do BNG Enrique Antón Chouciño Garrido Xabier Fernández-Villarrenaga Vázquez	Beatriz Pérez Mosquera Gonzalo Méndez Mosqueira
Polo grupo municipal de AV Miguel Fraga Pulleiro	Indrani Thais Palla Maceiras

C.I.F. P-1503100-H

Terceiro.- Xunta de Voceiros

Titulares:	Suplentes:
Polo grupo municipal do PSdG-PSOE Marta María Figueroa Fuentes	Cristina Pardo Portos
Polo grupo municipal do PP Izaskun García Gorostizu	Marco Antonio Pazos Regueiro Juan Carlos Leites Maneiro
Polo grupo municipal do BNG Enrique Antonio Chouciño Garrido	Beatriz Pérez Mosquera Gonzalo Méndez Mosqueira Xabier Fernández-Villarrenaga Vázquez
Polo grupo municipal de AV Indrani Thais Palla Maceiras	Miguel Fraga Pulleiro

Cuarto.- Comisión paritaria de interpretación, seguimento do acordo regulador do persoal funcionario e do convenio do persoal laboral:

Titulares:	Suplentes:
Polo grupo municipal do PSdG-PSOE José Ramón Rioboo Castro Marta María Figueroa Fuentes	Cristina Pardo Portos Marta María Iglesias Becerra
Polo grupo municipal do PP	Vanessa Fernández González

Izaskun García Gorostizu	José Antonio Golpe Faraldo
Polo grupo municipal do BNG Gonzalo Méndez Mosqueira	Enrique Antonio Chouciño Garrido Beatriz Pérez Mosquera Xabier Fernández-Villarrenaga Vázquez
Polo grupo municipal de AV Indrani Thais Palla Maceiras	

Quinto.- Grupo de Acción Urbana (GAU)

Titulares:	Suplentes:
Polo grupo municipal do PSdG-PSOE Jose Ramón Rioboo Castro Marta Iglesias Becerra Carlos Liñares Gestal	Cristina Pardo Portos Marta María Figueroa Fuentes María Penélope López Díaz Juan Carlos Iglesias Lovelle
Polo grupo municipal do PP Marco Antonio Pazos Regueiro	Izaskun García Gorostizu Juan Carlos Leites Maneiro
Polo grupo municipal do BNG Xabier Fernández-Villarrenaga Vázquez	Enrique Antonio Chouciño Garrido Beatriz Pérez Mosquera Gonzalo Méndez Mosqueira
Polo grupo municipal de AV Indrani Thais Palla Maceiras	

C.I.F. P-1503100-H

»

2.2.- A Presidencia dá conta aos asistentes das resolucións da Alcaldía relativas a aceptación das dedicacións exclusivas e parciais aprobadas na sesión plenaria de data 01/08/2023 (**BOP núm 163 de 28/08/2023, núm. anuncio 2023/6910**):

2.2.1.- Resolución número 1495, de data 11/08/2023, sobre atribución das dedicacións exclusivas e parciais aos concelleiros delegados (grupo municipal PSdeG-PSOE), segundo o seguinte detalle:

Aceptación rexistro entrada	Concelleiro/a	NIF	Cargos con dedicación parcial	Dedicación exclusiva	Retribución anual
8589 de 01/08/2023 (doc URP17E0H88)	Cristina Pardo Portos	54128459Y	Concelleira delegada da Área de Participación Cidadá e Deportes	Total	45.000,00 €
8591 de 01/08/2023 (doc URP17E0H8Z)	Marta Ma Iglesias Becerra	32777407S	Concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Urbanismo	Total	45.000,00 €
8643 de 02/08/2023 (doc URP17E0HCY)	Carlos Liñares Gestal	46911499D	Concelleiro delegado da Área de Transición Ecolóxica, Obras e Servizos Públicos	Total	45.000,00 €
8593 de 01/08/2023 (doc URP17E0H91)	Ma Penélope López Díaz	32827280R	Concelleira delegada da Área de Cultura	Total	45.000,00 €
8630 de 02/08/2023 (doc URP17E0HCJ)	Marta Ma Figueroa Fuentes	32829675G	Concelleira delegada da Área de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior	Parcial 75%, dedicación mínima 6,50 horas diarias	36.000,00 €

Código do documento	Código do expediente
USG17I067F	USG/2023/158
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 1R5H 0Y2M 1X6V 4H2E 13WL	

8601 de 01/08/2023 (doc URP17E0HAO)	Juan Carlos Iglesias Lovelle	32805841K	Concelleiro delegado da Área de Dinamización Social	Parcial media xornada, dedicación mínima 5,00 horas diarias	22.500,00 €
8641 de 02/08/2023 (doc URP17E0HCT)	Mario Alfonso Iglesias Gómez	32754526L	Concelleiro delegado da Área de Comercio, Industria e Turismo	Parcial media xornada, dedicación mínima 5,00 horas diarias	22.500,00 €

2.2.2.- Resolución número 1525, de data 21/08/2023, sobre atribución da dedicación exclusiva a dona Izaskun García Gorostizu (Grupo municipal PP)

2.2.3.- Resolución número 1532, de data 22/08/2023, sobre atribución da dedicación parcial (75%) a Marco Antonio Pazos Regueiro (Grupo municipal PP)

2.2.4.- Resolución número 1493, de data 11/08/2023, sobre atribución da dedicación parcial (50%) a don Juan Carlos Leites Maneiro (Grupo municipal PP)

2.2.4.- Resolución número 1524, de data 21/08/2023, sobre atribución da dedicación parcial (50%) a dona Indrani Thais Palla Maceiras (Grupo municipal Alternativa dos Veciños)

2.3.- A Presidencia dá conta aos asistentes das resolucións da Alcaldía relativas a nomeamento de persoal eventual do Grupo de Goberno, postos aprobados e creados na sesión plenaria extraordinaria e urxente celebrada en data 01/08/2023:

2.3.1.- Resolución número 1448, de data 04/08/2023, sobre nomeamento persoal eventual grupo de goberno (BOP núm 163 de 28/08/2023, núm. anuncio 2023/6896), cuxa parte resolutiva se transcribe literalmente:

*«Primeiro. Nomear a dona L.C.S. (DNI ***89 83**), persoal eventual para ocupar o posto de secretaria de alcaldía e grupo de goberno, con dedicación exclusiva e coas retribucións correspondentes ao grupo C1 (836,41€), nivel de complemento de destino 20 (510,79€) e cun complemento específico anual de 105 puntos (617,36€), con cargo a aplicación orzamentaria 920.11000 (retribucións) e 920.16000 (cota empresarial seguridade social). Código RPT AL.1.3.01*

***Segundo.** Nomear a dona A.J.S.M. (DNI ***93 96**), persoal eventual para ocupar o posto de secretaria de alcaldía e grupo de goberno, con dedicación exclusiva e coas retribucións correspondentes ao grupo C1 (836,41€), nivel de complemento de destino 20 (510,79€) e cun complemento específico anual de 105 puntos (617,36€), con cargo a aplicación orzamentaria 920.11000 (retribucións) e 920.16000 (cota empresarial seguridade social). Código RPT AL.1.3.02.*

***Terceiro.** Nomear a dona T.C.C. (DNI ***72 42**), persoal eventual para ocupar o posto de asesor técnico, con dedicación exclusiva e coas retribucións correspondentes ao grupo A2 (1.113,98€), nivel de complemento de destino 22 (592,27€) e cun complemento específico anual de 195 puntos (1.146,50€), con cargo a aplicación orzamentaria 920.11000, (retribucións) e 920.16000 (cota empresarial seguridade social). Código RPT. AL.1.05.»*

2.3.2.- Resolución número 1542, de data 24/08/2023, sobre nomeamento persoal eventual grupo de goberno, cuxa parte resolutiva se

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG17I067F	USG/2023/158
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1R5H 0Y2M 1X6V 4H2E 13WL	

transcribe literalmente:

«Nomear a don M.C.N. con DNI núm. ***64 63**, persoal eventual para ocupar o posto de asesor técnico, con dedicación exclusiva e coas retribucións correspondentes ao grupo A2 (1.113,98€) , nivel de complemento de destino 22 (592,27€) e cun complemento específico anual de 195 puntos (1.146,50€), con cargo a aplicación orzamentaria 920.11000, (retribucións) e 920.16000 (cota empresarial seguridade social), Código RPT. AL.1.06»

3.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN NÚMERO 1508, RELATIVA A DETERMINACIÓN DOS DOUS DÍAS DE FESTAS LOCAIS DE CARÁCTER RETRIBUÍDO NO Concello de Culleredo.

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Presidencia do 19/09/2023, punto 2 da orde do día, relativo á proposta do Sr. Alcalde de data 14 de setembro de 2023 (código de documento USG17I04NF), que consta no expediente electrónico USG/2023/158.

A Presidencia abre a quenda para o debate.

O Sr. Chouciño Garrido, voceiro do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, unha vez concedido o uso da palabra, felicita a todos polo cambio de horario do pleno que na anterior lexislatura era á unha e medida da tarde e agora púxose para as oito da tarde, e vese como aumentou a participación, unha boa mostra do funcionamento democrático das institucións e do Concello de Culleredo en particular. Parabéns tamén a todo o público asistente por asistir ao Pleno

Respecto da proposta, o que se presenta neste punto é ratificar unha resolución do alcalde porque o acordo correspóndelle ao Pleno e non se fixo porque o Concello leva desde o mes de abril sen actividade municipal máis que os plenos de constitución e organización municipais, tendo que convalidar agora unha resolución que se fixo sen nin sequera un aviso ou un correo electrónico. Di que no fondo están de acordo pero que se van abster para que quede patente o que vén de dicir.

A Sra. García Gorostizu, voceira do Grupo municipal Partido Popular, unha vez concedido o uso da palabra, fai a súa intervención que, ao ser proporcionada por escrito transcríbese na súa integridade. "Desde nuestro Grupo Municipal queremos indicar que este es el primer pleno que se celebra desde el mes de abril. Que no fue posible llevar a pleno la propuesta pues no se convocó pleno ordinario en el mes de agosto y había que remitir el acuerdo solicitado antes del 1 de septiembre por lo que hoy traemos la ratificación del decreto de alcaldía, que votaremos a favor.

Por lo expuesto, solicitamos al alcalde que sabiendo que hay que trasladar los dos días de festivos locales a la Xunta antes del 1 de septiembre, se trate este tema en el pleno ordinario de julio y que se planifique tanto para el pleno de agosto como de diciembre, que coinciden en período vacacional, que se realicen en la primera quincena del mes siguiente para que no paso como este año que no hemos tenido pleno ordinario en el mes de agosto ni la primera quincena de septiembre tal y como nos habían avisado desde el concello."

Sometido pola Presidencia o asunto ditaminado a votación ordinaria; con **dezasete (17) votos a favor**, os dos representantes dos grupos municipais

8 de 106

Código do documento	Código do expediente
USG17I067F	USG/2023/158
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1R5H 0Y2M 1X6V 4H2E 13WL	

do PSdG-PSOE (8), Partido Popular (7) e Alternativa dos Veciños (2); **e catro (4) abstencións**, as dos representantes do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, **o Pleno municipal acorda:**

Primeiro.- A ratificación da resolución da Alcaldía número 1508, de data 17/08/2023 (código de documento USG17I04F4) cuxa parte dispositiva indica:

«**Primeiro.-** Sinalar como datas concretas dos dous días de festas locais de carácter retribuído e non recuperable no ámbito do termo municipal de Culleredo para o ano 2024, as seguintes:

- 13 de febreiro, Martes de Entroido
- 24 de xuño, San Xoan

Segundo.- Dar traslado desta resolución á Xefatura Territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia.

Terceiro.- Someter a presente resolución á ratificación do Pleno na primeira sesión que celebre.»

Segundo.- Dar traslado deste acordo á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia.

4.- APROBACIÓN DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DO Concello de Culleredo.

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Presidencia do 19/09/2023, punto 3 da orde do día, relativo á proposta do Sr. Concelleiro delegado da Área de Transición Ecolóxica, Obras e Servizos, de data 7 de setembro de 2023 (código de documento UME17I0309), que consta no expediente electrónico UME/2019/598, e da que fai unha presentación a voceira do Grupo municipal do PSdG-PSOE, Sra. Figueroa Fuentes.

A Presidencia abre a quenda para o debate.

O Sr. Chouciño Garrido, voceiro do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, unha vez concedido o uso da palabra, recorda que na derradeira comisión informativa solicitaron un listado das demandas veciñais de desbroces e execución de franxas forestais. Pese a pedilo para o Pleno, non o teñen e non por non ter tempo, pois lle parece recordar que a tramitación deste expediente comezou no ano 2021. A anotación máis importante que quere destacar é unha nota de Secretaría que di o seguinte: «Compre recordar, por último, a obriga de contar con Plan de Emerxencias Municipal (PEMU) aprobado polo órgano competente, e publicado nos termos esixidos pola normativa aplicable.» Dende o BNG, sen terlle chamado PEMU nin falar dun plan de emerxencias, si que teñen chamado a atención reiteradamente sobre as carencias do servizo de emerxencias que remata a súa actividade ás 10 da noite e non traballa as fins de semana, habendo incendios e outro tipo de intervencións nas que non estaba dispoñible para fora de hora. Culleredo é un concello polo que pasa o tren e pregunta que pasaría de darse un accidente como o do Alvia na curva da Grandeira. Culleredo é un concello con aeroporto e pregunta que pasaría de

Código do documento	Código do expediente
USG17I067F	USG/2023/158
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1R5H 0Y2M 1X6V 4H2E 13WL	

estrelarse o avión de Spanair que caeu fora da pista de Barajas e que facía liña habitual a Alvedro. Culleredo é atravesado pola liña do gas natural e pola da auga en alta presión e ten un monte cheo de eucaliptos nunha porcentaxe importante do territorio, co seu risco de incendio tal e como se está a ver ano tras ano. Hai que poñerse a elaborar o plan de emerxencias e dotar o servizo de emerxencias para que teña cobertura 24x7. Por todo o que vén de citar os membros do seu Grupo consideran incompleta a proposta e vanse abster na votación.

A Sra. García Gorostizu, voceira do Grupo municipal Partido Popular, unha vez concedido o uso da palabra, fai a súa intervención que, ao ser proporcionada por escrito, transcríbese na súa integridade. *"Los vecinos, en numerosas ocasiones nos han trasladado el malestar por fincas colindantes que tienen sin limpiar ni cuidar, con el peligro que esto supone por la mayor posibilidad de un incendio, aparición de ratas y suciedad. La responsabilidad de la limpieza es del propietario de la finca, pero cuando éste no la lleva a cabo, el concello tiene que actuar de oficio y limpiar la finca. Viendo el tiempo de respuesta del concello en estos casos, que se alarga más de lo deseado generando gran malestar a los vecinos afectados, creemos que este convenio firmado con SEAGA dará un mejor servicio a los vecinos, un tiempo de respuesta más corto y descargará de trabajo a los técnicos del concello, por lo que votaremos a favor del plan."*

C.I.F. P-1503100-H

O Sr. Alcalde-presidente di que, efectivamente, Culleredo é un concello atravesado por múltiples servizos como o tren ou o aeroporto. Respecto a este último existe un plan supramunicipal a nivel autonómico e a nivel nacional para todos os concellos nos que hai aeroporto. Respecto a outros servizos ou outro tipo de accidentes como o mencionado do Alvia, hai plans de emerxencias supramunicipais; sinalando o propio Consorcio de Bombeiros da Deputación provincial da Coruña que ten os parques na provincia da Coruña e no colindante Concello de Arteixo cun carácter supramunicipal e que actúa en caso de emerxencia e incluso o propio servizo de bombeiros da cidade da Coruña, como ocorreu xa hai cinco ou seis anos nun incendio nunha nave no polígono industrial de Alvedro. Os medios cos que se conta son insuficientes no só a nivel de Concello senón tamén a nivel provincial e autonómico e os plans de emerxencia teñen ese carácter supramunicipal. Tal como apuntou xa a Sra. García Gorostizu, este tipo de convenios xorde da imposibilidade que teñen moitos concellos de Galicia para asumir toda esa tramitación en canto a responsabilidades que poida haber no tema da biomasa. É un acordo entre a Fegamp e a Xunta de Galicia, ao que se ten adheridos a meirande parte de concellos de Galicia, para tratar a través de SEAGA axilizar os trámites e a limpeza de fincas nunha franxa de 50 metros nos núcleos urbanos sobre todo no entramado rural, porque no urbano é a Lei do Solo a que ten competencia nese tema.

O Sr. Chouciño Garrido, voceiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, entende que este tema trae á actualidade o estancamento que ten a constitución dunha área metropolitana como unha entidade pública xurídica que exceda e que coordine e que governe a área metropolitana como un conxunto. Están moi de actualidade os problemas existentes co Consorcio de Bombeiros e cos bombeiros e un dos asuntos que están no candeiro é

Código do documento	Código do expediente
USG17I067F	USG/2023/158
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1R5H 0Y2M 1X6V 4H2E 13WL	

precisamente o que vén de mencionar o Sr. Alcalde respecto de actuar fora do territorio da súa competencia porque a seguridade xurídica, unha vez que exceden do ámbito propio, queda en entredito, o que vai en contra dos traballadores que asumen o seu propio risco. Este tipo de accións como a asistencia no incendio da nave do Polígono industrial de Alvedro non deberían ser de prestado nin de favor senón que deberían estar reguladas. Un plan de seguridade ten que coordinar todos os recursos. Culleredo é un concello de 30.000 habitantes e non pode depender nesa medida de favores alleos porque podería ocorrer que se chamara ao concello veciño e este estivera ocupado noutro incidente e non puidera acudir.

O Sr. Alcalde-presidente responde que, tal como dixo na súa anterior intervención, os recursos en materia de seguridade cidadá non só a nivel local senón tamén noutros ámbitos son insuficientes. O Consorcio de Bombeiros da provincia da Coruña ten competencia para participar en calquera punto da provincia da Coruña e o servizo de bombeiros da cidade da Coruña pode facer calquera intervención autorizada pola alcaldesa fóra da súa xurisdición. Comparte a necesidade de crear unha área metropolitana e mancomunar determinados servizos que redunden nun beneficio para os cidadáns minorando gastos na entidade local. No tema que se está a tratar están totalmente de acordo en que é un servizo e unha necesidade que hai que garantir aos cidadáns, hai cuestións que exceden da competencia municipal que deben tratarse de forma supramunicipal como é o tema do aeroporto.

C.I.F. P-1503100-H

Sometido pola Presidencia o asunto ditaminado a votación ordinaria; con **dezasete (17) votos a favor**, os dos representantes dos grupos municipais do PSdG-PSOE (8), Partido Popular (7) e Alternativa dos Veciños (2); **e catro (4) abstencións**, as dos representantes do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, **o Pleno municipal acorda:**

Primeiro.- Aprobar o "Plan Municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Culleredo" (PMPDCIF), asinado dixitalmente o 18/08/2023 polo Enxeñeiro de montes, Sr. Arbores, colexiado núm. 2171, e pola Enxeñeira técnica forestal, Sra. Paz López, colexiada núm. 1265, no documento de 224 páxinas que consta no expediente electrónico UME/2019/598 co código de documento UME17E02XT, co seguinte índice:

"1 INTRODUCCIÓN

1.1 Antecedentes e xustificación

1.2 Obxectivos

1.3 Aprobación do Plan Municipal de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais

2 ÁMBITO TERRITORIAL

2.1 Situación, límites e superficies

2.2 Parroquias e núcleos de poboación

2.3 Caracterización do medio natural

3 ANÁLISE DO RISCO DE INCENDIOS

3.1 Histórico de incendios

3.1.1 Número de incendios e superficie queimada

3.1.2 Parroquias de Alta Actividade Incendiaria (PAAI)

3.1.3 Activación do PEIFOGA en situación 2

4 XESTIÓN DA BIOMASA

4.1 Definición das redes secundarias de faixas de xestión de biomasa

4.1.1 Perimetral ao solo urbano, núcleo rural e urbanizable

4.1.2 Arredor das edificacións destinadas ás persoas, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasolineiras e parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do monte e arredor das edificacións illadas destinadas ás persoas

4.2 Xestión da biomasa en pistas, vías, camiños, estradas de titularidade municipal

4.3 Xestión da biomasa nos montes de titularidade municipal

4.4 Relación de parcelas afectadas

ANEXOS

1 Relación de parcelas afectadas

PLANOS

1 Plano de Situación

2 Rede de defensa contra os incendios forestais

2.1 Rede secundaria de faixas de xestión da biomasa perimetral ao solo urbano, núcleo rural e urbanizable, e arredor das edificacións illadas."

Segundo.- Someter dito Plan a información pública por período de 30 días a contar desde a publicación do anuncio no BOP. Si durante o período de exposición publica non se presentaran alegacións, dito Plan quedaría aprobado definitivamente.

Do mesmo xeito publicarase a exposición pública na web municipal.

Terceiro.- O Plan Municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais (PMPDCIF) do Concello de Culleredo aprobado integrarase no Plan Municipal de Emerxencias (PEMU) no momento en que este sexa aprobado.

5.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DA XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN VOLUNTARIA E EXECUTIVA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Presidencia do 19/09/2023, punto 4 da orde do día, relativo á proposta da Sra. Concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Urbanismo de data 14 de setembro de 2023 (código de documento UEH17I007A), que consta no expediente electrónico URE/2023/250 e da que fai unha presentación a concelleira do Grupo municipal do PSdG-PSOE, Sra. Iglesias Becerra.

A Presidencia abre a quenda de intervencións.

O Sr. Chouciño Garrido, voceiro do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, unha vez concedido o uso da palabra, recorda que na derradeira comisión informativa solicitaronun informe sobre cal é o importe total que Culleredo paga á Deputación por xestións e demais tramitacións para

Código do documento	Código do expediente
USG17I067F	USG/2023/158
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1R5H 0Y2M 1X6V 4H2E 13WL	

a recadación dos impostos municipais e non llo deron. Pregunta cal é o problema para que non se poida achegar a información solicitada. Un concello do tamaño de Culleredo ten que valorar se podería ter un servizo propio de recadación. Hai que botar números porque as decisións económicas tómanse en base a números, e, neste caso, dunha recadación estimada de 700.000 euros o Concello tería que pagar 37.000 euros polas xestións. O equipo de goberno decidiu a priori que si é interesante e oportuno e o BNG pensa que hai que botar contas do importe que hai que pagar pola recadación de todos os impostos delegados, e pensar se esta decisión e a acertada ou se habería que buscar outras solucións alternativas como podería ser a xestión municipal. Anuncia que, por todas estas cuestións, os membros do seu Grupo vanse abster na votación.

A Sra. García Gorostizu, voceira do Grupo municipal Partido Popular, unha vez concedido o uso da palabra, fai a súa intervención que, ao ser proporcionada por escrito, transcríbese na súa integridade. *"Todos los años en el pleno de presupuestos vemos la incapacidad de su gobierno de ejecutar la partida de ingresos, siendo los derechos ordinarios reconocidos netos de cada año muy inferiores a la previsión planteada. Viendo que la capacidad de la Diputación alcanza porcentajes del 100% creemos que será bueno para las arcas municipales delegar el cobro de este impuesto en la Diputación pues nos aseguraremos ese ingreso que compensará con creces el coste de los 37000 euros que pagaremos a la diputación agilizando también el trabajo de los funcionarios del concello. Es por ello que lo votaremos a favor"*

C.I.F. P-1503100-H

A Sra. Iglesias Becerra, concelleira delegada de Economía, Facenda e Urbanismo, unha vez concedido o uso da palabra, informa que a Deputación Provincial polo servizo de recadación cobra o 5% do importe recadado en período voluntario e o 75% do importe recadado en premas no período executivo, tal como figura na documentación que obra no expediente. No ano 2022, último período liquidado, devengouse unha taxa a favor da Deputación por todos os importes que recada do Concello de Culleredo de 451.848 euros, sendo máis da metade desa recadación correspondente ao IBI, tal como figura na liquidación do orzamento da que se deu conta no Pleno. A este Pleno só se trae a delegación da recadación do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana. O importe que lle corresponde á Deputación por este servizo redunda despois no Concello a través do POS e doutros programas. A motivación da proposta que se presenta é que o Concello non conta cos medios suficientes e cada vez é máis complexa a xestión dos impostos municipais; polo que, alo menos neste momento, o equipo de goberno non considera que se poida ter un servizo propio de recadación. Por isto resulta de interese acollerse ao que ofrece a Deputación.

Sometido pola Presidencia o asunto ditaminado a votación ordinaria; con quince (15) votos a favor, os dos representantes dos grupos municipais do PSdG-PSOE (8) e Partido Popular (7); e seis (6) abstencións, as dos representantes dos grupos municipais do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo (4) e Alternativa dos Veciños (2), o Pleno municipal acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a delegación na Deputación Provincial da Coruña da competencia de xestión, inspección e recadación voluntaria e

Código do documento	Código do expediente
USG17I067F	USG/2023/158
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1R5H 0Y2M 1X6V 4H2E 13WL	

executiva do Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana ou do imposto municipal que o complemente ou substitúa no futuro.

Segundo.- Abrir un período de información pública para xeral coñecemento do presente acordo por un prazo de trinta días hábiles mediante a publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia durante os cales poderá presentarse as alegacións que se estimen oportunas. De non producirse durante o devandito prazo alegacións, o presente acordo quedará automaticamente elevado a definitivo.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo á Deputación Provincial da Coruña.

6.- DETERMINACIÓN DO NÚMERO, CARACTERÍSTICAS E RETRIBUCIÓN DO PERSOAL EVENTUAL. CORRECCIÓN DE ERROS E MODIFICACIÓN DO ACORDO DO PLENO DE DATA 01/08/2023.

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Cohesión Social e Réxime Interior do 19/09/2023, punto 2 da orde do día, relativo á proposta do Sr. Alcalde de data 14 de setembro de 2023 (código de documento USG17I04SL), que consta no expediente electrónico USG/2023/135.

C.I.F. P-1503100-H

A Presidencia abre a quenda para o debate.

O Sr. Méndez Mosqueira, concelleiro do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, unha vez concedido o uso da palabra, di que neste punto da orde do día o goberno municipal, polo seu propio erro, dá unha nova oportunidade para lembrar o fatídico pleno extraordinario do 10 de febreiro de 2023, no que o goberno municipal propuxo e aprobou en solitario a modificación da RPT, da Relación de Postos de Traballo para, a poucos meses das eleccións municipais, subirlle o soldo ao persoal eventual, escollido a dedo polo equipo de goberno, cun aumento de 40 puntos no seu complemento específico. Este asunto trouxérono a Pleno pola porta de atrás, con nocturnidade e alevosía. Quenes viron aquel Pleno lembrarán que era un pleno extraordinario no que non puxeron a disposición dos grupos da oposición toda a documentación, no que a documentación era incompleta e só se permitiu aos grupos da oposición revisala con 2 horas de antelación previas á Comisión Informativa na que se ditaminaba o asunto, ou no que se introduciu a subida de soldo aos postos escollidos a dedo do Gabinete da Alcaldía, entre outros asuntos que non xustificaban en ningún caso que a modificación da RPT tivera carácter de urxencia e que polo tanto podía terse levado a un pleno ordinario que contase cun maior respecto do tempo para revisar o asunto e para dar publicidade ao Pleno. Agora, no pleno de organización, reparten ao persoal eventual escollido a dedo o antigo complemento específico e non o que ten a subida salarial derivada desa modificación da RPT, e teñen que volver traer o asunto a Pleno. O BNG practica a coherencia. No mes de febreiro votou en contra daquel acordo, xa que nin o propio persoal que traballa no Concello estaba de acordo co mesmo, porque non tiña ningún tipo de xustificación, motivos polos que o BNG vai votar tamén en contra da aplicación daquel

Código do documento	Código do expediente
USG17I067F	USG/2023/158
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1R5H 0Y2M 1X6V 4H2E 13WL	

nefasto acordo, lembrando que foi aprobado en solitario pola maioría absoluta do goberno municipal na anterior lexislatura.

A Sra. Figueroa Fuentes, voceira do Grupo municipal do PSdG-PSOE, unha vez concedido o uso da palabra, apunta que o voto en contra do BNG era previsible, a pesar de que o tema que se está a tratar nada ten que ver coa RPT basicamente porque a modificación que se propón xa estaba na RPT. Cando se debateu este tema no pleno xa se aclarou que non foi só ao persoal eventual ao que se lle subiu o soldo. Non se debe enganar á xente collendo soamente a parte que interesa, pois a RPT levaba moito máis contido e afectaba a cincuenta traballadores, preguntando se son eventuais ou persoal a dedo as cincuenta persoas afectadas. Nesa modificación da RPT figuraban con 145 puntos as dúas secretarías de alcaldía e, retrotraéndose tempo atrás, noutras RPTs anteriores, xa contaban con ese nivel, rebaixándose a 105 nalgún momento debido a un erro técnico; polo que o que se fixo nesa RPT referida non foi aumentarlle o nivel senón recuperar o que xa tiñan.

A Sra. García Gorostizu, voceira do Grupo municipal Partido Popular de Culleredo, unha vez concedido o uso da palabra, considera que a proposta que se presenta neste punto non é a votación da modificación da RPT, que o seu grupo votou en contra, senón que se trata da corrección dun erro detectado na proposta aprobada o día un de agosto.

C.I.F. P-1503100-H

O Sr. Méndez Mosqueira, concelleiro do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, pensaba que a Sra. García Gorostizu se ía abster de participar no debate neste punto. Sorpréndese porque ve que non e que onde o pasado mes de febreiro o Partido Popular, liderado pola mesma Sra. García Gorostizu, votaba en contra, agora parece que vai votar a favor. Lémbrralle as propias palabras da Sra. Gorostizu que están na acta do pleno referido "o PP cre que o goberno municipal non debe de ser arbitrario nas súas decisións e modificar só os postos dos seus catro amigos; pide que se lle explique e xustifique a subida de soldo do persoal eventual que é o gabinete de alcaldía, o seu persoal de confianza", ou tamén cando ela mesma lle lembraba á Concelleira de Persoal, a Sra. Figueroa, "que os sindicatos votaban en contra (deste acordo) porque se fai unha revisión do complemento específico sen valoración, porque a subida non é a de niveis acordada.". Pregunta onde quedou a contundencia da Sra. Gorostizu e se o cambio pode deberse a que agora o Partido Popular de Culleredo ten tamén dous deses postiños a dedo. O seu Grupo practicará a coherencia e volverá a votar en contra neste punto.

A Sra. García Gorostizu, voceira do Grupo municipal Partido Popular de Culleredo, lle pregunta ao Sr. Méndez Mosqueira se houbo un erro ou non houbo un erro no acordo da sesión organizativa, e se na sesión que se está a celebrar o que se vota é a corrección do erro ou a RPT, porque non entende a demagogia que se está a crear cando o que se trae ao Pleno é unha corrección dun erro.

O Sr. Méndez Mosqueira di que está claro que se está a votar a corrección do erro pero o BNG de Culleredo está en desacordo, como tamén o estaba o

Código do documento	Código do expediente
USG17I067F	USG/2023/158
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1R5H 0Y2M 1X6V 4H2E 13WL	

Partido Popular de Culleredo no mes de febreiro, coa aplicación da base dese erro, e que parece que agora este Grupo vota a favor porque o erro lle favorece.

O Sr. Alcalde-presidente recorda que este tema xa se debateu noutro ámbito pero ten que facer algunha puntualización para poñer claridade. No pleno de organización dos concellos, no que se determinan estes temas e as dedicacións exclusivas estipuladas por lei, cun tope máximo, é onde se determina o persoal de confianza tope que nun concello das características do de Culleredo son sete persoas, sete persoas de confianza ás que o Sr. Méndez Mosqueira cualifica de "escollidas a dedo" que non pasan os procedementos habituais e que cesan no momento en que cesa o alcalde ou a Corporación porque non teñen esa condición de funcionarios. No pleno de organización do ano 2019, igual que aconteceu agora, non se tivo en conta o mantivéronse as condicións económicas do persoal ata que este reclamou e deu lugar á modificación establecida. Respecto do comentado sobre o Gabinete da Alcaldía di que son funcionarios e como tales traballan para o equipo de goberno, hoxe do PSOE pero mañá podería ser do BNG ou do Partido Popular ou de calquera outro.

Sometido pola Presidencia o asunto ditaminado a votación ordinaria, con **quince (15) votos a favor**, os dos representantes dos grupos municipais do PSDG-PSOE (8) e Partido Popular (7), **catro (4) votos en contra**, os dos representantes do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, **e dúas (2) abstencións**, as dos representantes do grupo municipal Alternativa dos Veciños, o Pleno municipal acorda:

C.I.F. P-1503100-H

Primeiro.- Corrección de erros materiais

Para adecuar o acordo adoptado no punto 12 da sesión extraordinaria e urxente do Pleno de data 01/08/2023 á Relación de postos de traballo (RPT), aprobada definitivamente na sesión ordinaria do Pleno municipal do 27/04/2023 (publicada no BOP A Coruña núm. 93 de 18/05/2023, núm. anuncio. 2023/3844), corrixir o erro material de asignación de puntos do complemento específico aos seguintes postos de persoal eventual e

Onde di:

[...]

PERSOAL EVENTUAL GRUPO DE GOBERNO:

[...]

- DENOMINACIÓN: Secretario/a da Alcaldía e Grupo de goberno
- NÚM.: Dous (2) postos
- DEDICACIÓN: xornada completa
- RETRIBUCIÓN: equivalentes a persoal funcionario, coa denominación do RD Lexislativo 5/2015: Grupo C, Subgrupo C1, nivel complemento destino 20, complemento específico 105 puntos.

[...]

Debe dicir...

[...]

PERSOAL EVENTUAL GRUPO DE GOBERNO:

[...]

Código do documento	Código do expediente
USG17I067F	USG/2023/158
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1R5H 0Y2M 1X6V 4H2E 13WL	

- DENOMINACIÓN: Secretario/a da Alcaldía e Grupo de goberno
- NÚM.: Dous (2) postos
- DEDICACIÓN: xornada completa
- RETRIBUCIÓNS: equivalentes a persoal funcionario, coa denominación do RD Legislativo 5/2015: Grupo C, Subgrupo C1, nivel complemento destino 20, complemento específico 145 puntos.

Segundo.- Modificación do acordo.

Modificar o resolutivo primeiro do acordo adoptado no punto 12 da sesión extraordinaria e urxente do Pleno celebrada o 01/08/2023 nos seguintes termos:

Primeiro.1.- Manter no Cadro de persoal e na Relación de Postos de Traballo (RPT) os postos de persoal eventual, que exercerá funcións de confianza e asesoramento especial e en ningún caso poderán exercer funcións que impliquen a participación directa ou indirecta no exercicio das potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais do Estado e das Administracións Públicas, coa denominación e retribucións que corresponden aos funcionarios deste concello dos grupos A2 e C1, cos complementos de destino e puntos ao obxecto de determinar o complemento específico, que a seguir se indican:

PERSOAL EVENTUAL GRUPO DE GOBERNO:

- DENOMINACIÓN: Asesor/a técnico/a
- NÚM.: Dous (2) postos
- DEDICACIÓN: xornada completa
 - RETRIBUCIÓNS: equivalentes a persoal funcionario, coa denominación do RD Legislativo 5/2015: Grupo A, Subgrupo A2, nivel complemento destino 22, complemento específico 195 puntos.
- DENOMINACIÓN: Secretario/a da Alcaldía e Grupo de goberno
- NÚM.: Dous (2) postos
- DEDICACIÓN: xornada completa
 - RETRIBUCIÓNS: equivalentes a persoal funcionario, coa denominación do RD Legislativo 5/2015: Grupo C, Subgrupo C1, nivel complemento destino 20, complemento específico 145 puntos.

Primeiro.2.- Aprobar a creación dos postos de persoal eventual, que exercerán funcións de confianza e asesoramento especial e en ningún caso poderán exercer funcións que impliquen a participación directa ou indirecta no exercicio das potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais do Estado e das Administracións Públicas, coa denominación e retribucións que corresponden aos funcionarios deste concello dos grupos C1, cos complementos de destino e puntos ao obxecto de determinar o complemento específico, que a seguir se indican:

PERSOAL EVENTUAL GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR:

- NÚM.: Dous (2) postos
- DEDICACIÓN: xornada completa
 - RETRIBUCIÓNS: equivalentes a persoal funcionario, coa denominación do RD Legislativo 5/2015: Grupo C, Subgrupo C1, nivel complemento destino 20, complemento específico 145 puntos.

C.I.F. P-1503100-H

Primeiro.3.- Modificar o Cadro de persoal do Concello de Culleredo para 2023 nos seguintes termos:

ORZAMENTO 2023 CADRO DE PERSOAL		Cubertas	Vacantes	Observacións
PERSOAL EVENTUAL				
Asesor/a técnico/a	A2	2	0	
Secretario/a de alcaldía e grupo de goberno	C1	2	0	
Secretario/a de grupos políticos	C1	2	0	

Primeiro.4.- Os acordos de modificación do Cadro de persoal someteranse aos tramites de exposición pública previstos na normativa aplicable e, no seu caso, para a súa aprobación definitiva e publicidade do texto definitivo (artigo 127 do RDL 781/86, de 18 de abril, para o cadro de persoal.

7.- CONVALIDACIÓN DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚMERO 488/2023 DE 21/03/2023, INADMISIÓN A TRÁMITE DA REVISIÓN DE OFICIO FORMULADA POR D. J.M.V.P E CONTINUACIÓN DA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE UPO/2022/20.

C.I.F. P-1503100-H

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Cohesión Social e Réxime Interior do 19/09/2023, punto 4 da orde do día, relativo á proposta da Sra. Concelleira delegada da Área de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior de data 14 de setembro de 2023 (código de documento UPO17I01XZ), que consta no expediente electrónico UPO/2022/20, e da que fai unha presentación a concelleira do Grupo municipal do PSdG-PSOE, Sra. Figueroa Fuentes.

A Presidencia abre a quenda de intervencións.

Sr. Chouciño Garrido, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, unha vez concedido o uso da palabra, di que este tema é unha cadea de despropósitos que dá lugar a unha situación dantesca. Recorda como o BNG, hai máis dun ano, propuxo que o proceso selectivo de policía locais se fixera a través da Academia Galega de Seguridade, o que se coñece como proceso unitario, no que dita Academia recolle todas as prazas dos concellos que se queiran adherir a un proceso selectivo único e fai a selección, contando con varias vantaxes entre elas que o proceso do que a Sra. Figueroa Fuentes di que agora se atrasaría máis dun ano estaría a punto de concluír, ademais de que os custos serían moito menores porque os policía, unha vez pasado o primeiro proceso selectivo, teñen que ir un ano a formación á Academia Galega de Seguridade e se é ela a que selecciona o Concello non se ten que facer cargo desa manutención. Agora o proceso selectivo está parado porque hai varios recursos dos aspirantes e, a maiores, hai un requirimento de información da Valedora do Pobo e, unha vez máis, houbo que requirir por segunda vez

Código do documento	Código do expediente
USG17I067F	USG/2023/158
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1R5H 0Y2M 1X6V 4H2E 13WL	

C.I.F. P-1503100-H

porque o Concello non achega a documentación solicitada. O proceso segue e a xente que ve irregularidades manifestas acode a ver as bases e aí vén varias cuestións que non se axustan á legalidade, como son que non se cumpre o criterio de paridade, que non se cumpre o principio de especialidade (no tribunal ten que haber maioría de policía), falta dun criterio de imparcialidade pois din que non pode ser Secretario do tribunal unha persoa que é xefe de gabinete e que ten descrito en sede xudicial o seu posto como posto máis propio de persoal eventual; recordando que o persoal eventual non pode participar en procesos de selección. Unha vez máis ten que ser o BNG o que diga en sede plenaria que o acto é nulo de pleno dereito por ser ditado por un cargo incompetente, primeira causa de nulidade de pleno dereito. O equipo de goberno o rechaza obrigando á xente a acudir á vía do recurso en vía administrativa para dicir que o acto é nulo de pleno dereito e polo tanto as consecuencias se teñen que retrotraer e continuar coa revisión de oficio das bases do procedemento. De prosperar isto "tiraría" con todo o procedemento selectivo e daría lugar a que se atrasara a selección de policía; co que, de suceder isto, se deberan asumir responsabilidades: Tamén está recollido na Lei que cando nun recurso se pide a nulidade de pleno dereito dun acto administrativo e a súa suspensión, no caso de que no prazo de 30 días non haxa un pronunciamento expreso, o acto recorrido queda suspendido.

O goberno municipal quere que o Pleno convalide o acto recorrido, rexeitando o recurso da xente que está a exercer o seu dereito legal de recorrer unha cuestión que consideran inxusta. Tendo un informe da asesoría xurídica demoledor que conclúe que teñen razón e que, por tanto, procede estimar o recurso para que o acto do Sr. Alcalde sexa declarado nulo de pleno dereito e se retrotraian a darlle continuidade á revisión de oficio das bases do proceso selectivo. Está moi claro tanto no informe da asesora xurídica e no informe do Secretario municipal. Por iso desde o BNG queren propoñer un voto particular, tal como anunciaron na comisión informativa cando se ditaminou este punto, procedendo de seguido coa súa lectura (que literalmente se transcribe a continuación):

«Suprimir todo o texto da exposición que remata coa proposta:

PROPONSE AO PLENO DO CONCELLO, como órgano competente tras a STS de data 13 de decembro de 2022 se o considera oportuno, adoptar o seguinte acordo:

Primeiro.- Validar o acordo do Sr. Alcalde en resolución nº 488/2023 de 21/03/2023 e por tanto inadmitir a trámite a solicitude formulada por don Enrique Antón Chouciño Garrido, Concelleiro do grupo municipal BNG e Don J.L.P.D.

Segundo.- Inadmitir a trámite a revisión de oficio formulada por D. J.M.V.P. en data 04/04/2023, con coincidencia substancial e íntima conexión cos anteriores.

Terceiro.- Continuar coa tramitación do expediente UPO/2022/20.

E no seu lugar, propoñemos como voto particular, reemprazalo polo seguinte texto axustado ás conclusións da asesora xurídica. Segundo relata o Secretario Municipal:

Se da por reproducido o contido do informe de 04/08/2023 da Asesoría Xurídica (doc. UAJ17I00R5)... os posibles defectos alegados polos solicitantes da revisión de oficio na composición do Tribunal deben supoñer a incoación do procedemento e o pronunciamento polo órgano competente sobre a non admisión a trámite ou sobre o

Código do documento	Código do expediente
USG17I067F	USG/2023/158
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1R5H 0Y2M 1X6V 4H2E 13WL	

"fondo" previa instrución do expediente nos termos sinalados no informe de 04/08/2023 da Asesoría Xurídica (doc. UAJ17I00R5).

Segundo a Xefa do Servizo Xurídico:

Segunda.- Respecto dos recursos presentados. De conformidade coa conclusión primeira, procede estimar os recursos presentados fronte á resolución número 488/2023, do Alcalde-presidente, de data 21 de marzo de 2023, no sentido de admitir a trámite as solicitudes de revisión de oficio presentadas polos opositores, cos seguintes rexistros de entrada neste Concello: 2023/2356, 2023/2445, 2023/2619 (SIR Xunta nº 13488/RX689275), 2023/2623, 2023/2548 (SIR Xunta nº 13463/RX686620) e 2023/2697 (SIR Xunta nº 13943/RX713228).

Terceira.- Respecto da tramitación da revisión de oficio.

Procede propoñer ao Pleno a admisión da tramitación do procedemento de revisión de oficio de actos nulos prevista no artigo 106.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, respecto do proceso selectivo policía local (acceso libre e concurso) para a cobertura en propiedade de cinco prazas de policía local, administración especial, subescala servizos especiais, clase policía local persoal funcionario de carreira, polo procedemento de acceso libre e concurso do Concello de Culleredo (BOP nº 120 de data 27/06/2022) que deberá tramitarse conforme ás previsións do artigo 106 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Por tanto propoñemos que o Pleno acorde:

1. Respecto dos recursos presentados.

Estimar os recursos presentados fronte á resolución número 488/2023, do Alcalde-presidente, de data 21 de marzo de 2023, no sentido de admitir a trámite as solicitudes de revisión de oficio presentadas polos opositores, cos seguintes rexistros de entrada neste Concello: 2023/2356, 2023/2445, 2023/2619 (SIR Xunta nº 13488/RX689275), 2023/2623, 2023/2548 (SIR Xunta nº 13463/RX686620) e 2023/2697 (SIR Xunta nº 13943/RX713228).

2. Respecto da tramitación da revisión de oficio. Admitir a trámite o procedemento de revisión de oficio de actos nulos prevista no artigo 106.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, respecto do proceso selectivo policía local (acceso libre e concurso) para a cobertura en propiedade de cinco prazas de policía local, administración especial, subescala servizos especiais, clase policía local persoal funcionario de carreira, polo procedemento de acceso libre e concurso do Concello de Culleredo (BOP nº 120 de data 27/06/2022) que deberá tramitarse conforme ás previsións do artigo 106 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.»

O Sr. Chouciño Garrido solicita que se somete a votación o voto particular ou emenda que vén de ler e o voto favorable para exercer xustiza coas persoas que están demandando que se rectifiquen actos moi graves.

A Sra. García Gorostizu, voceira do Grupo municipal Partido Popular de Culleredo, unha vez concedido o uso da palabra, fai a súa primeira intervención que, ao ser proporcionada por escrito, transcríbese na súa integridade. «Ante la propuesta al Pleno de la Corporación de convalidar la resolución de alcaldía 488/2023, de fecha 21 de marzo de 2023, por la que se inadmiten varias solicitudes de revisión de

Código do documento	Código do expediente
USG17I067F	USG/2023/158
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1R5H 0Y2M 1X6V 4H2E 13WL	

oficio de actos nulos, resulta necesario tener en cuenta las siguientes consideraciones previas

PRIMERA: COMPETENCIA PARA ACORDAR LA REVISIÓN DE OFICIO:

La competencia en el ámbito local para acordar la revisión de oficio le corresponde en exclusiva al Pleno de la Corporación, tal y como ha dispuesto el propio Tribunal Supremo en unificación de doctrina a través de su sentencia de 13 de diciembre de 2022.

En este sentido se han pronunciado también varios Tribunales Superiores de Justicia, como el de Castilla-La Mancha, que en su sentencia 26 de septiembre de 1996 establece que "lo expuesto nos lleva a anular el acto impugnado por incompetencia del órgano que lo dictó respecto de la materia que se trataba sin que se pueda entrar al fondo del tema planteado en la demanda, como es pretende en ésta, debido a que con la actuación de la Alcaldía se sustrajo al Pleno de la Corporación el examen de la cuestión y su decisión acerca, en principio, de la procedencia o no de iniciar y tramitar éste hasta su finalización", estableciendo que debe ser, pues, el Pleno de la Corporación el que debe pronunciarse a tal respecto.

La doctrina administrativa resulta igualmente clara e inequívoca al respecto, destacando lo dispuesto a tales efectos por:

- **Consejo de Estado:** que en su Dictamen 76/2003 de 30 de enero dispone que "en primer lugar ha de tenerse en cuenta que el presente procedimiento de revisión de oficio es reproductor del anterior, terminado por decreto de alcaldía de 22 de diciembre de 2000, y que fue anulado judicialmente por haber sido dictada la resolución por órgano incompetente y por haber transcurrido el plazo de caducidad de tres meses antes de dictarse. Estas circunstancias no impiden que vuelva a iniciarse, como se ha hecho este procedimiento, correspondiendo la decisión al pleno, como destaca la sentencia dictada y como reiteradamente ha puesto de manifiesto el Consejo de Estado, también tras la reforma en 1999 de la Ley 7/1985, de Bases del Régimen Local."

- **Consejos Consultivos de las CC.AA.:** En similares, reiterados y equivalentes términos se han pronunciado el Consello Consultivo de Galicia, en sus dictámenes 699/2002 de 9 de enero, y 1392/2008 de 17 de noviembre; el Consejo Consultivo de Castilla y León, en sus Dictámenes 1.093/2005, de 19 de enero de 2006, 374/2006, de 4 de mayo, 620/2007, de 17 de enero de 2008, 991/2008, de 20 de noviembre, 401/2009, de 4 de junio, 1.596/2010, de 26 de enero de 2011, 1.295/2011, de 29 de febrero de 2012, 155/2013, de 18 de abril, 421/2014, de 25 de septiembre, 129/2015, de 16 de abril, 188/2016, de 1 de junio, 512/2016, de 12 de enero de 2017, 367/2017, de 7 de septiembre, 86/2018, de 5 de abril, 522/2019, de 12 de noviembre o 394/2020, de 19 de noviembre; la Comisión Jurídica Asesora de Cataluña, en sus Dictámenes 330/2018, 181/2014, y 182/2014; y el Consejo Consultivo de Navarra, en sus Dictámenes 24/2015, 13/2015, 24/2017, 47/2019, o mucho más recientemente, 22/2021 de 25 de junio.

Puesta de manifiesto, una vez más, la total incompetencia del alcalde, en este caso, para conocer, acordar o resolver las revisiones de oficio formuladas, es clara la concurrencia de la causa de nulidad radical o de pleno derecho a la que se refiere el art. 47.1.b) (los actos dictados por órgano manifiestamente incompetente por razón de la materia o del territorio).

Debe considerarse al respecto que la incompetencia a la que alude la norma se predica del órgano que dicta el acto, no de la administración pública a la que el mismo pertenece, lo que supone que en aquellos casos en los que el órgano incompetente que dicta el acto no está subordinado jerárquicamente al órgano competente, la incompetencia producida lo será siempre por razón de la materia, lo que determinará en estos casos su nulidad.

Y resultando, a la vista de los antecedentes jurisprudenciales y doctrinales expuestos, apreciable dicha incompetencia de forma manifiesta, palmaria, clara y evidente, no podemos sino considerar viciado de nulidad radical el acto dictado por el alcalde por el que se inadmiten las solicitudes de revisión de oficio, lo que determina su carácter

Código do documento	Código do expediente
USG17I067F	USG/2023/158
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1R5H 0Y2M 1X6V 4H2E 13WL	

insubsanable y su desaparición del mundo jurídico, lo que comporta la imposibilidad de su ratificación o convalidación.

SEGUNDA: INADMISIÓN DE LAS SOLICITUDES DE REVISIÓN DE OFICIO

Si bien el art. 106.3 de la Ley 39/2015 establece la posibilidad de que el órgano competente para resolver, pueda, motivadamente, acordar la inadmisión a trámite de las solicitudes de revisión formuladas por los interesados, dicha posibilidad debe interpretarse siempre de forma restrictiva, según la doctrina jurisprudencial que emana de las STS de 19 de noviembre de 2001, de 27 de diciembre de 2006, y de 18 de diciembre de 2007, siendo únicamente admisible y justificada la misma para "aquellos supuestos en que, de manera ostensible e indubitada se aprecia que no existe motivo alguno de nulidad radical que conduzca a la pretendida declaración de nulidad", así como para aquellos casos en los que la falta de fundamento de la solicitud fuere "manifiesta, notoria y palmaria.", resultando muy ilustrativa y didáctica al respecto la STS de 24 de febrero de 2021, que se pronuncia en los siguientes términos:

"claramente afecta la institución a la seguridad jurídica, de ahí que el legislador haya sometido dicha potestad de revisión de oficio a una serie de requisitos que se han ido ampliando desde la regulación de aquella Ley de 1958 a la de 1992 y, aún más, en la actual Ley del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas. Pero la esencia y naturaleza de la institución se han mantenido inalterable en la finalidad expuesta.

Y precisamente por afectar a la seguridad jurídica y, en última instancia, a la misma eficacia de la actividad administrativa, cuya finalidad prestacional de servicios públicos requiere una certeza en su actuación, el legislador condiciona esa potestad, entre otros presupuestos, a uno esencial, cual es que la causa de la revisión esté vinculada a un supuesto de nulidad de pleno derecho de los actos administrativos.

Y es que la finalidad de la institución no es sino evitar que actos nulos, cuyo vicio es insubsanable, puedan ser mantenidos y ejecutados por el mero hecho de que no hayan impugnado por quienes estaban facultados para ello. El acto nulo, por los vicios que lo comportan, debe desaparecer del mundo jurídico y el legislador arbitra este procedimiento como un mecanismo más, extraordinario eso sí, para poder declarar dicha nulidad.

De lo antes expuesto hemos de concluir que, como regla general, no existen fundamentos para que una Administración Pública pueda declarar a línime la inadmisibilidad de un procedimiento de revisión de oficio. Ahora bien, es cierto que el artículo 102 de la Ley de 1992, sí estableció, precisamente en la reforma de 1999, la posibilidad de un rechazo a iniciar el procedimiento, pero por una causa muy tasada que deberemos después examinar"

Habiendo resuelto el Tribunal Supremo que la regla general es la admisión a trámite de las solicitudes de revisión de oficio formuladas por los interesados en el procedimiento correspondiente, únicamente se admiten como excepciones o salvedades a la misma aquellos supuestos a los que se refiere el art. 106.3 de la Ley 39/2015.

Y siendo la causa alegada para la inadmisión la de "no basarse en ninguna de las causas de nulidad del art. 47.1 de la Ley 39/2015", debemos referirnos al dictamen del Consejo Consultivo de Castilla y León, en su dictamen 494/2004, de 30 de agosto, al que alude expresamente el informe de la secretaría general municipal, que establece que "en cuanto al primero de los motivos, proceder a la inadmisión cuando las solicitudes no se base en ninguna de las causas del art. 62 de la Ley 30/1992 (hoy Ley 39/2015), debe reseñarse únicamente que no cabe amparar la inadmisión en la falta de invocación expresa de una de las concretas causas de nulidad que dicho artículo tipifica, siempre y cuando ésta se deduzca de la solicitud", tal y como exactamente sucede en el caso que nos ocupa.

A la vista de los antecedentes expuestos, es clara la improcedencia (por expresarlo suavemente) de la resolución de inadmisión de las solicitudes de revisión de oficio, así como la nulidad radical de la misma por haber sido dictado por un órgano

Código do documento	Código do expediente
USG17I067F	USG/2023/158
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1R5H 0Y2M 1X6V 4H2E 13WL	

manifiestamente incompetente por razón de la materia, según lo dispuesto en el art. 47.1.b) de la Ley 39/2015.

Ello determina pues, el sentido de nuestro voto en contra de ambas propuestas, por resultar las mismas contrarias a derecho al no poder convalidarse o ratificarse un acto administrativo viciado de nulidad radical por los motivos expuestos, y que por tanto, debe ser eliminado y desaparecer del mundo jurídico.

Llama poderosamente la atención, a tal respecto, la delegación por parte de la alcaldía, en la Junta de Gobierno Local y en la concejala delegada de seguridad ciudadana, las competencias para resolver las solicitudes de revisión de oficio, que posteriormente avoca, puesto que dicha competencia nunca le ha correspondido a la alcaldía.

Dicho esto, aprovechamos para manifestar una vez más nuestro asombro y tristeza por la ignorancia e incompetencia de la que hace gala el equipo de gobierno local en cada uno de sus actos, en detrimento de la institución que representa, de la imagen y prestigio de nuestro Concello, y de todos los vecinos a los que no es digno de representar, a la vista de hechos como los que hoy tratamos en esta Sala.»

A Sra. Figueroa Fuentes, voceira do Grupo municipal do PSdG-PSOE, unha vez concedido o uso da palabra, recorda que na comisión informativa intentou explicar a diferencia entre un acto anulable e un acto nulo de pleno dereito, pero parece que non o conseguiu. Os actos anulables e os actos nulos de pleno dereito son algo completamente distinto e con procedementos tamén completamente diferentes. O Sr. Chouciño Garrido falaba dun informe de asesoría xurídica, e ela ten diante un informe dese servizo de marzo de 2023, conformado pola Secretaría xeral, no que se conclúe que procede inadmitir as solicitudes de revisión de oficio presentadas polos opositores, por non basearse en ningunha das causas de nulidade do artigo 47.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Este informe xurídico mencionado entende que os recursos son inadmisibles porque non reúnen os requisitos contemplados na Lei en relación coas revisións de oficio. Só se menciona a un opositor na proposta deste asunto da orde do día porque a convalidación xa inclúe ao resto. Se resolveu por Resolución da Alcaldía porque iso foi o que indicaba o primeiro informe técnico-xurídico. Posteriormente se detectou que iso era un erro, que non consideran nulo de pleno dereito senón anulable. Iso é o que están a defender nesta proposta ao pleno, porque fronte á anulabilidade hai unha norma que permite a convalidación. Iso é o que se trae hoxe ao pleno.

As alegacións dos opositores foron practicamente todas relacionadas coa composición do tribunal, todas con posterioridade á celebración do primeiro exame e ningunha no momento de publicación das bases coa composición do tribunal correspondente. Todas sinalan que o secretario do tribunal non era o secretario municipal, cando a realidade é que si era o secretario accidental, nomeado e notificado ese nomeamento á Xunta de Galicia.

Respecto da especialidade si se cumpría o principio de especialidade conforme ao que establece a Lei, respecto dos grupos que teñen que examinar aos grupos dunha categoría determinada.

Como di a asesora xurídica as alegacións son inadmisibles porque non reúnen os requisitos legais. Si houbo un erro e recoñecen cal foi, que se resolveu por un órgano que non era o competente. Tal como dixo a Sra. García Gorostizu, non houbo intención manifesta, pois neste caso a asesora xurídica non tería dúbidas. Cando un acto non é manifesto é anulable, permitindo a Lei a convalidación do mesmo.

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG17I067F	USG/2023/158
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1R5H 0Y2M 1X6V 4H2E 13WL	

Solicita de toda a Corporación que recapacite o sentido do seu voto pois a cidadanía merece unha seguridade cidadá potente e neste momento Culleredo ten unha plantilla mermada, lembrando as palabras do Sr. Chouciño cando mencionou o PEMU e a necesidade dos equipos de emerxencia e de policía local. A emenda que se propón vai atrasar moito tempo a resolución do procedemento e cando se falou no Pleno da AGASP xa se explicou por que non se podía acudir a ela nese momento. Pide coherencia e sensatez e que non se entenda só o que se quere entender.

O Sr. Chouciño Garrido, voceiro do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, volve a intervir. Sinala que a Sra. Figueroa Fuentes di que non houbo alegacións ás bases e ten razón, pois toda a veciñanza quere pensar que os seus gobernantes obran de boa fe e que se conformara un tribunal conforme coas previsións legais pero cando se empezan a ver sospeitas de chanchullo e cando se empeza a revisar e ver determinadas cuestións e aparecen numerosas cuestións de fondo que falan de irregularidades na composición do tribunal. Na acta da XGL na que se aprobaron as bases había un informe de Secretaría recordando algunha destas cuestións e o equipo de goberno tirou para adiante. A xente está a mirar con lupa os procesos selectivos e ve como en moitos deles o equipo de goberno está a cometer os mesmos erros. Non será esta a última vez na que se fale no Pleno destas cuestións porque hai presentadas reclamacións sobre distintos procesos. Preguntalle á Sra. Figueroa Fuentes de quen é a culpa de que as cousas se fagan mal, con intención ou sen ela, adiando continuamente que haxa unha administración municipal profesionalizada, renovada, na que baixa a media de idade, pois Culleredo ademais das carencias de persoal ten unha media de idade moi alta. As persoas exercen o seu dereito de recorrer un procedemento, pedindo que as resolucións se emitan polo órgano competente e ser avaliados por un tribunal competente. O informe xurídico mencionado está asinado pola persoa que está actuando como Secretario no tribunal, o que indica un conflito de intereses, algo que xa di o Sr. Alcalde o día 20 de abril cando se dirixe á asesoría xurídica pedíndolle que emita o correspondente informe-proposta en relación co recurso presentado polo Sr. Pose ao proceso selectivo para a cobertura en propiedade de prazas de policía local de Administración especial, pois o xefe de gabinete técnico, que exerce as competencias de Xefatura de Persoal, forma parte do proceso selectivo, polo que non se considera axeitado que emita dito informe-proposta xa que podería supoñer un conflito de intereses.

A Sra. García Gorostizu, voceira do Grupo municipal Partido Popular de Culleredo, unha vez concedido o uso da palabra, volve a intervir asegurando que o informe referido pola Sra. Figueroa Fuentes para basear a proposta indica que houbo un erro no órgano que resolveu o recurso pois o Sr. Alcalde é incompetente para dito acto; pero, á vista da xurisprudencia, vese que tamén hai outro erro na inadmisión da solicitude de revisión. Polo que non se pode aprobar a proposta que presenta neste punto o equipo de goberno Respecto das bases di que houbo outro erro tamén cando se di que o secretario do tribunal é un funcionario da administración local porque quen actuou como secretario é un funcionario da administración do estado.

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG17I067F	USG/2023/158
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1R5H 0Y2M 1X6V 4H2E 13WL	

Non se pode acusar á oposición de que non haxa Policía Local e a cidadanía de Culleredo se merece un goberno que faga ben as cousas, sen que se poida obrigar aos membros da oposición a convalidar actos contrarios á orde xurídica.

A Sra. Pallas Maceira, voceira do Grupo municipal Alternativa dos Veciños, unha vez concedido o uso da palabra, di que o seu Grupo non tiñan pensado intervir neste punto porque a situación devén do mandato anterior; pero si considera oportuno que se aclare e se clarifique o que se vai votar neste punto sobre todo porque na sesión se atopan veciños e veciñas e é necesario que entendan o que está a pasar. O que se vai votar devén dun proceso selectivo para Policía Local, presentándose un recurso de revisión por diferentes persoas que optaron a esas probas alegando unha serie de vicisitudes, inadmitíndose dito recurso de revisión cunha resolución asinada polo Sr. Alcalde polo que o procedemento queda aí, sen que se entre a analizar o fondo do asunto para considerar se efectivamente o proceso selectivo é susceptible de nulidade ou non, ou de anulabilidade ou non, emitíndose un primeiro informe de asesoría xurídica que validaba dita resolución. Varias persoas interesadas presentan un segundo recurso á resolución ditada polo Sr. Alcalde, alegando o que consideran, emitíndose en base a este segundo recurso un segundo informe de asesoría xurídica que di que, en base a sentencias que din claramente que a competencia para admitir ou non ese recurso non é da Alcaldía senón que é do Pleno, o que procede é que sexa este o que se pronuncie respecto da admisión ou inadmisión da revisión de oficio, indicando a maiores que é necesario admitir a trámite os recursos, e polo tanto entrar no fondo do asunto, e que despois se resolva o que corresponda dependendo se devén nulo ou non. En resumo, o que se está a debater no Pleno é se se admite a trámite ou non o recurso cando ela, e así o di a Asesoría Xurídica, entende que se debe admitir, que se debe tramitar o procedemento e despois resolver o que corresponda.

C.I.F. P-1503100-H

O Sr. Alcalde-presidente fai uso da palabra e subliña que a Sra. Palla Maceiras explicou perfectamente a situación deste procedemento. O Sr. Chouciño Garrido é o único que fala de nulidade sen que en ningún dos informes nin demais documentos que obran no expediente se fale desa cualidade. Tal como vén de explicar a Sra. Palla Maceiras, asinou a resolución porque nese momento os servizos xurídicos, nun informe anterior á sentenza referida, din que é o Alcalde o competente para facelo. Todos os procesos destas características teñen recursos como o que se debate aquí e nin a Academia Galega de Seguridade está exenta deles, pero cando se fai a revisión é cando aparece a sentenza do mes de decembro que determina que non é o Alcalde o competente porque ten que ser o Pleno e así o fan saber os servizos xurídicos. Non pode discutir o que veñen de dicir a Sra. García Gorostizu e o Sr. Chouciño Garrido e se non estivera a Policía Local como está non lle importaría adiar o procedemento, pero tal e como está neste momento importa moito o factor tempo. Así será no mes de xaneiro cando poidan entrar na Academia Galega de Seguridade os policías que están nesa oposición. Daquela optouse por unha vía máis rápida e non porque estean en contra dos informes da Asesoría Xurídica e de Secretaría, senón porque se buscou unha vía alternativa que fose legal e que axilizase o proceso, procurando que os Policias locais se incorporaran á Academia no mes de xaneiro. Agora probablemente non se poderá e se tardará máis. De todas formas os dereitos dos cidadáns non se vulneran pois teñen a

25 de 106

Código do documento	Código do expediente
USG17I067F	USG/2023/158
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1R5H 0Y2M 1X6V 4H2E 13WL	

posibilidade de acudir ao contencioso-administrativo e demais posibilidades que outorgan as administracións. En ningún momento houbo ningunha mala intención senón que resolveu el porque desde os servizos xurídicos entendían que el era o competente; e máis tarde, á vista da sentenza referida, decidiuse que era o Pleno o que tiña que resolver.

Sometido pola Presidencia o voto particular proposto polo Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo a votación ordinaria, con trece (13) votos a favor, os dos representantes dos grupos municipais do Partido Popular (7), do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo (4), e Alternativa dos Veciños (2); e oito (8) votos en contra, os dos representantes do grupo municipal PSdG-PSOE, o voto particular resulta aprobado.

A continuación, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Sra. Concelleira delegada da Área de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior de data 14 de setembro de 2023 (código de documento UPO17I01XZ), que consta no expediente electrónico UPO/2022/20, coa emenda derivada do voto particular aprobado, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: trece (13) votos a favor, os dos representantes dos grupos municipais do Partido Popular (7), do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo (4), e Alternativa dos Veciños (2).

Votos en contra: oito (8) votos en contra, os dos representantes do grupo municipal PSdG-PSOE, a emenda resulta aprobada.

Abstencións: ningunha.

Á vista do resultado da votación, o Pleno municipal acorda aprobar a proposta (emendada) da Sra. Concelleira delegada da Área de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior de data 14 de setembro de 2023 (código de documento UPO17I01XZ), quedando adoptado o seguinte acordo:

1. Respecto dos recursos presentados.

Estimar os recursos presentados fronte á resolución número 488/2023, do Alcalde-presidente, de data 21 de marzo de 2023, no sentido de admitir a trámite as solicitudes de revisión de oficio presentadas polos opositores, cos seguintes rexistros de entrada neste Concello: 2023/2356, 2023/2445, 2023/2619 (SIR Xunta nº 13488/RX689275), 2023/2623, 2023/2548 (SIR Xunta nº 13463/RX686620) e 2023/2697 (SIR Xunta nº 13943/RX713228).

2. Respecto da tramitación da revisión de oficio. Admitir a trámite o procedemento de revisión de oficio de actos nulos prevista no artigo 106.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, respecto do proceso selectivo policía local (acceso libre e concurso) para a cobertura en propiedade de cinco prazas de policía local, administración especial, subescala servizos especiais, clase policía local persoal funcionario de carreira, polo procedemento de acceso libre e concurso do Concello de Culleredo (BOP nº 120 de data 27/06/2022) que deberá tramitarse conforme ás previsións do artigo 106 da Lei 39/2015, de 1

Código do documento	Código do expediente
USG17I067F	USG/2023/158
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1R5H 0Y2M 1X6V 4H2E 13WL	

de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

8.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO DE CULLEREDO RELATIVA A INCOACIÓN DE EXPEDIENTE PARA A MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 13 SOBRE AS TAXAS DE DEREITOS DE EXAME DE PROBAS SELECTIVAS (REXISTRO DE ENTRADA NÚMERO 2023/10158, DE DATA 19/09/2023).

Nin o Sr. Alcalde nin o Sr. Chouciño Garrido, voceiro do grupo municipal do BNG, xustifican previamente a inclusión deste punto na orde do día, sen ditame previo.

***.- Sometida a votación a ratificación da súa inclusión na orde do día, conforme ós artigos 97.2 e 82.3 do R.D. 2568/1986, o Pleno Municipal, por unanimidade dos membros presentes (21), acorda ratificar a inclusión deste asunto na orde do día.**

Transcríbese a moción presentada polo grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, rexistro de entrada n.º 2023/10158 de 19 de setembro de 2023, relativa a incoación de expediente para a modificación da ordenanza fiscal número 13 sobre as taxas de dereitos de exame de probas selectivas, e á que dá lectura a concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sra. Pérez Mosquera:

«Enrique Antón Chouciño Garrido, Voceiro do Grupo Municipal do BNG achega, para o seu debate plenario e aprobación, se proceder, a seguinte moción para INCOAR EXPEDIENTE PARA A MODIFICACIÓN DE ORDENANZA FISCAL N13 SOBRE AS TAXAS DE DEREITOS DE EXAME DE PROBAS SELECTIVAS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A ordenanza fiscal N13 SOBRE AS TAXAS DE DEREITOS DE EXAME DE PROBAS SELECTIVAS no seu artigo 3, cota tributaria fixa as seguintes taxas para dereitos de exame:

Exame prazas funcionarios de carreira do grupo A ou persoal laboral fixo do grupo I 118,45 euros.

Exame para prazas funcionarios de carreira do grupo B ou persoal laboral fixo do grupo II 96,57 euros.

Exame para prazas funcionarios de carreira do grupo C ou persoal laboral fixo do grupo III 63,85 euros.

Exame para prazas funcionarios de carreira do grupo D ou persoal laboral fixo do grupo IV 31,72 euros.

Exame para prazas funcionarios de carreira do grupo E ou persoal laboral fixo do grupo V 23,90 euros.

O grupo municipal do Bloque Nacionalismo Galego facéndose eco do mal estar dun grupo importante de persoas que se presentan a distintas prazas e que expoñen que é unha tributación inxusta por elevada, fixo un estudo comparativo das taxas noutros concellos e tamén coa Xunta ou a Deputación da Coruña, sendo Culleredo o concello no que resulta máis caro

27 de 106

Código do documento	Código do expediente
USG17I067F	USG/2023/158
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1R5H 0Y2M 1X6V 4H2E 13WL	

presentarse a un proceso selectivo, sendo o duplo ou o triplo nalgún caso que noutros concellos.

Esta situación supón unha disuasión para as persoas que querendo presentarse a convocatorias despois de grandes esforzos de tempo, estudo e mesmo cartos gastados en academias, non o fan por motivos exclusivamente económicos.

Supón tamén que ás convocatorias do noso Concello se ausenten persoas que poden ter un gran talento e preparación, o que iría en contra dos intereses municipais para contar co persoal máis preparado e ir conformando unha administración local cada vez máis competente, resolutiva e mesmo creativa.

Entendemos que a taxa colabora a sufragar os custos que ten a administración local para a tramitación dos procesos selectivos e por iso hai que buscar un equilibrio acomodando as taxas á nosa contorna.

Propoñemos en base ao anterior, os seguintes ACORDOS

- 1. Incoar expediente para a modificación da Ordenanza Fiscal nº13 sobre as Taxas de Dereito de Exame de Probas Selectivas.*
- 2. Dar conta dos avances da tramitación no próximo Pleno ordinario.»*

A Presidencia abre a quenda para o debate.

A Sra. García Gorostizu, voceira do Grupo municipal Partido Popular de Culleredo, unha vez concedido o uso da palabra, fai a súa primeira intervención que, ao ser proporcionada por escrito, transcríbese na súa integridade. «*Es cierto que a nuestro grupo también le llegaron quejas por los precios de estas tasas y por compararlos con lo que se cobra en otros concellos del área. Es curioso que concellos como Arteixo tengan una tasa de 35.5 euros por una plaza del grupo A frente a Culleredo que su tasa es de 118.45 euros.*

Presentamos una enmienda para incluir otro acuerdo en la propuesta relativo a los ciudadanos que tengan un porcentaje de minusvalía igual o superior al 33% o ciudadanos que lleven un año o más en situación de desempleo, estén exentos del pago de esta tasa.»

O Sr. Alcalde-presidente comenta que por parte do Grupo de Goberno non hai ningún inconveniente en aprobar a moción que se presenta. Se tratará de acomodar os prezos a unha realidade obxectiva. Darán conta aos membros do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, como propoñentes da moción, dos resultados que os servizos económicos do Concello determinen para facer unha unha nova proposta en relación con esta taxa. Pregunta ao BNG se aceptan a emenda proposta polo Partido Popular ou se agarda ao resultado do que determinen os servizos económicos solicitándolles que indiquen a posibilidade de incluír esa exención para as persoas referidas no momento de valorar a diminución da taxa.

A Sra. Pérez Mosquera agradece a boa recepción da proposta indicando que aceptan a emenda proposta polo Partido Popular; pero que a proposta que eles presentan refírese a incoar o expediente para poder ver cales poden ser as

Código do documento	Código do expediente
USG17I067F	USG/2023/158
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1R5H 0Y2M 1X6V 4H2E 13WL	

reducións e as exencións, solicitando que se revise todo porque esta ordenaa é do 2009. Insiste en que no próximo pleno se dea conta dos avances na tramitación, porque seguramente haberá máis probas.

Sometido o asunto a votación, coa emenda proposta polo Grupo municipal do Partido Popular de Culleredo, o Pleno municipal, por unanimidade dos seus membros (21), acorda:

1. Incoar expediente para a modificación da Ordenanza Fiscal nº13 sobre as Taxas de Dereito de Exame de Probas Selectivas.
2. Dar conta dos avances da tramitación no próximo Pleno ordinario
3. Valorar a posibilidade de exención na taxa para as persoas cunha minusvalía igual ou superior ao 33% e para aquelas que leven un ano ou máis en situación de desemprego.

9.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO DE CULLEREDO RELATIVA A SOLICITUDE AO INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO (IGVS) DA DECLARACIÓN DA CONTORNA DA FONTE DA Balsa COMO ZONA ARI (ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL). (REXISTRO DE ENTRADA NÚMERO 2023/10159, DE DATA 19/09/2023).

C.I.F. P-1503100-H

Nin o Sr. Alcalde nin o Sr. Chouciño Garrido, voceiro do grupo municipal do BNG, xustifican previamente a inclusión deste punto na orde do día, sen ditame previo.

***.- Sometida a votación a ratificación da súa inclusión na orde do día, conforme ós artigos 97.2 e 82.3 do R.D. 2568/1986, o Pleno Municipal, por unanimidade dos membros presentes (21), acorda ratificar a inclusión deste asunto na orde do día.**

Transcríbese a moción presentada polo grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, rexistro de entrada n.º 2023/10159 de 19 de setembro de 2023, relativa a solicitude ao Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) da declaración da contorna da Fonte da Balsa como zona ARI (Área de Rehabilitación Integral), e á que dá lectura o voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Chouciño Garrido:

«Enrique Antón Chouciño Garrido, na miña condición de Concelleiro e Voceiro do Grupo Político Municipal BNG, propoño ao Pleno da Corporación para o seu debate e se procede aprobación de acordos, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Código do documento	Código do expediente
USG17I067F	USG/2023/158
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1R5H 0Y2M 1X6V 4H2E 13WL	

As Áreas de Rehabilitación están reguladas por LEI 1/2019, do 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia¹. e conforman a base principal das actuacións de rehabilitación en contornos urbanos por parte do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS), organismo dependente da Xunta de Galiza. Para isto é fundamental a colaboración dos concellos.

Son ben coñecidas e recoñecibles as actuacións transformadoras mediante ARIs de barrios próximos na nosa comarca como Labañou, as vivendas da Nosa Señora do Carme, Palavea, as Vivendas dos Mariñeiros, todas elas no concello veciño da Coruña, por mencionar aquelas actuacións que gardan maior similitude coa nosa proposta.

A través da declaración de ARI, pásase a determinar as actuacións precisas para mellorar a vida das persoas que viven na zona e identificar tamén as administracións a quen corresponden. Tamén canalizan axudas, subvencións e fondos das distintas administracións, Estado, Xunta, Unión Europea... para actuacións que corresponden ás súas competencias de forma organizada mediante unha oficina de rehabilitación.

A Fonte da Balsa é unha urbanización de varios bloques de vivendas (Área) que arrastra problemas de urbanización desde a súa creación, mais tamén que teñen necesidades homoxéneas para o acondicionamento dos pisos e bloques de vivendas e a súa adaptación ás esixencias legislativas actuais de confort, illamento, cualificación enerxética, insonorización, libro do edificio, Informe de Avaliación do Edificio (IAE), entre outras.

Nas zonas comúns, hai problemas de accesos, de mobilidade a todos os niveis, con muros que dificultan a mobilidade entre as distintas zonas da urbanización, problemas nos propios bloques de vivendas, muros en perigo de caer, filtración de augas aos garaxes, unha zona de uso publico que podería albergar recursos de lecer para o barrio, necesidade de un centro social onde reunirse e organizar a vida social do barrio entre outras moitas necesidades que transcenden de accións puntuais e que precisan do desenvolvemento que encaixa na definición de un Area de Rehabilitación Integral (ARI).

A veciñanza expresouse así cando solicitou con máis dun cento de sinaturas as recentes propostas para os orzamentos participativos de 2024. Elas ven a oportunidade de mudar de vez o seu barrio.

Toda a corporación pode axudar aprobando o inicio da tramitación. A veciñanza precisa que o Concello se implique e poña a iniciativa e as partidas económicas necesarias para a posta en marcha dese ARI.

C.I.F. P-1503100-H

1 DOG 83 do 2/05/2019 – LEI 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia. (xunta.gal)

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20190502/AnuncioC3B0-250419-0001_g1.html

Código do documento	Código do expediente
USG17I067F	USG/2023/158
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1R5H 0Y2M 1X6V 4H2E 13WL	

O funcionamento para declarar unha zona ARI é o seguinte segundo consta na web² do IGVS:

Declaración:

As Áreas de Rehabilitación Integral declararanse por resolución da Presidencia do Instituto Galego da Vivenda e Solo, a petición dos concellos interesados en que se declare unha área no seu territorio.

Procedemento:

O procedemento de declaración a instancias do concello iníciase mediante unha solicitude dirixida á Dirección Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo acompañada da seguinte documentación:

- a) Certificado de acordo do concello que aproba a solicitude da declaración de área de rehabilitación integral conforme a clasificación prevista no artigo seguinte.
- b) Delimitación do ámbito proposto, determinación do planeamento vixente e parámetros urbanísticos polos que está afectada a área proposta.
- c) Compromiso do concello para crear ou manter una oficina municipal de rehabilitación, con medios suficientes, para a xestión e o impulso de actuacións de rehabilitación no ámbito.
- d) Memoria explicativa na que se recollan os seguintes extremos:

- 1) Obxectivos que se pretenden coa declaración proposta e indicadores de seguimento que permitirán analizar os mesmos.
- 2) Relación das rúas comprendidas dentro do ámbito.
- 3) Número total de edificios e vivendas no ámbito.
- 4) Número de edificios e vivendas susceptibles de rehabilitación.
- 5) Análise do proceso de degradación física, social e ambiental que clarifique a necesidade da declaración de Área de Rehabilitación Integral proposta, tales como o envellecemento demográfico, perda de poboación, abandono de actividades económicas ou baixo nivel de ingresos das persoas residentes.
- 6) Avaliación do nivel de deterioro de edificios e vivendas no ámbito.
- 7) Avaliación do custo estimado das actuacións de rehabilitación previstas de edificios e vivendas.
- 8) De ser o caso, proposta de actuacións de urbanización – reurbanización para impulsar a rexeneración do ámbito e avaliación dos seus custos.
- 9) De ser o caso, plan de realoxo temporal a súa programación e custo económico.
- 10) Planos xeoreferenciados coa delimitación da Área de Rehabilitación Integral solicitada. Escala 1:500.

e por tanto propoñemos ao Pleno da Corporación os seguintes:

ACORDOS

C.I.F. P-1503100-H

2 [Que é unha ARI? Áreas de Rehabilitación \(xunta.gal\)](http://ari-igvs.xunta.gal)

<https://ari-igvs.xunta.gal/gl/información-ari>

Código do documento	Código do expediente
USG17I067F	USG/2023/158
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1R5H 0Y2M 1X6V 4H2E 13WL	

1. Solicitar do Instituto Galego de Vivenda e Solo a declaración da contorna da Fonte da Balsa, zona ARI, para o que:

1. Que os servizos técnicos municipais inicien os expedientes correspondentes para a delimitación concreta do ámbito proposto, determinación do planeamento vixente e parámetros urbanísticos polos que está afectada a área proposta.
2. Deixamos aquí manifestado o compromiso do concello para crear ou manter una oficina municipal de rehabilitación, con medios suficientes, para a xestión e o impulso de actuacións de rehabilitación no ámbito.
3. Que os servizos técnicos elaboren a memoria explicativa na que se recollan os extremos detallados no apartado d) do procedemento explicado na exposición de motivos.

2. Comprometer fondos no orzamento municipal 2024 para as actuacións estimadas que se poidan derivar das responsabilidades municipais na zona ARI determinada para o que os técnicos municipais farán unha memoria valorada que estime o custo das accións que tanto tempo leva solicitando a veciñanza.

3. Que se comuniquen estes acordos ao IGVS.

4. Que o grupo de goberno dea conta das accións realizadas no Pleno do próximo mes de Outubro.»

A Presidencia abre a quenda para o debate.

A Sra. García Gorostizu, voceira do Grupo municipal Partido Popular de Culleredo, unha vez concedido o uso da palabra, fai a súa primeira intervención que, ao ser proporcionada por escrito, transcríbese na súa integridade. «2017- diciembre- EL concello prevé reformar el aparcamiento de Fonte da Balsa

2018- Rebaja de pendiente del talud, ampliar la plataforma para hacer acera y plazas de aparcamiento

Lunes 13 de mayo 2019 desde las 8:00 se comenzará el acondicionamiento del talud. Se ruega no aparcarse en toda la calle (foto)

6-6-2019. Culleredo tramita adquirir terrenos para la renovación integral de fonte da balsa

Diciembre 2019-se viene abajo el talud y pedimos que limpiaran

En varias ocasiones visitamos a los vecinos de Fonte da Balsa que nos mostraron los problemas con los que conviven a diario: accesos a los garajes, red de recogida de pluviales, inundaciones, filtraciones, el talud, el barro que entra en los garajes cuando llueve. Bancos y mobiliario urbano que da pena. Un muro de hormigón a punto de caerse. Basura y suciedad durante semanas sin recogerse, pintadas que no se borran, un parque infantil con elementos de riesgo para los niños, maleza y basuras que atraen a los roedores y un piso de tránsito que está creando problemas hasta de salud a los vecinos.

Actualmente sacó a licitación la obra en xxxxxxxxx pero sigue sin resolverse, es más, seguimos sin materializar la compra de los terrenos necesaria para efectuar la actuación integral.

Viendo la incapacidad que tiene este gobierno municipal para resolver los problemas de los vecinos, consideramos acertada la moción del BNG de tener que recurrir a otra administración, en este caso la Xunta, para poder actuar en la zona convirtiéndola en un área de rehabilitación integral.

C.I.F. P-1503100-H

Aprovechamos también este punto para exigirle el asfaltado urgente de los accesos como una primera actuación de un plan integral que necesita todo el entorno de Fonte da Balsa.

También le hacemos las siguientes preguntas en referencia al piso de tránsito de la zona: queremos que nos diga cuánto es el importe de los gastos asumidos por el concello en estos 4 años del piso de tránsito? Por qué si esta familia tiene una casa en el monte xalo se le sigue permitiendo vivir aquí con los problemas de convivencia que están ocasionando? A qué esperan para actuar en este problema que sufren los vecinos? Quien pago la casa en propiedad que tienen los usuarios de la vivienda de tránsito? Pagó el concello los 45000 euros que costó a través de la convocatoria de un programa de ayudas del 2013?.»

A Sra. Iglesias Becerra, concelleira do Grupo municipal do PSdG-PSOE, unha vez concedido o uso da palabra, recorda que as obras en licitación estanse tramitando e se executarán. O contido da moción non é novo pois o que se propón é a creación dunha área de rehabilitación integral. Esa é unha opción que o goberno municipal tiña prevista no exercicio anterior, pero non se puido iniciar a tramitación dada a situación de persoal do servizo de urbanismo. Están de acordo en estudar a viabilidade de crear unha oficina municipal de rehabilitación en Culleredo, os convenios que se poidan asinar para a creación e mantemento da mesma, e dotar os orzamentos dos fondos precisos para darlle impulso á contorna de Fonte da Balsa como unha zona ARI.

C.I.F. P-1503100-H

O Sr. Chouciño Garrido, voceiro do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, unha vez concedido o uso da palabra, agradece a boa recepción desta moción. Aclara que a licitación que hai nesa zona é para unha obra concreta e non avanza. Tal como indican na exposición de motivos non chegan accións puntuais e por iso solicitan unha solución integral para mellorar a vida no rueiro.

O Sr. Alcalde-Presidente aclara que en Culleredo hai máis zonas susceptibles de formar parte dunha ARI. Unha das propostas que o grupo socialista vai levar á FEGAMP (Federación Galega de Municipios e Provincias), por mor da problemática que hai derivada das taxas de reposición para conformar oficinas con funcionarios, é unha modificación na Lei que permita mancomunar este servizo, tal e como se fai en Arteixo con zonas degradadas, e poder compartir as oficinas porque ese é o principal problema, ter oficinas, e moitas veces é a administración autonómica quen a pon a disposición do Concello. Nos presupostos municipais xa se recolle a creación dunhas áreas de ocio e un centro cívico nesa zona. Nos próximos presupostos que pronto se traerán para evitar ter que acudir a un crédito, se someterá a consideración de todos os concelleiros e concelleiras porque no presuposto do 2023 hai unha partida de cincocentos mil euros para poder mercar uns baixos e uns garaxes nesa zona que consideran complementan á perfección a idea que o grupo do BNG ten coa proposta que presenta neste punto.

Sometido pola Presidencia a votación ordinaria a moción do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, o Pleno municipal, por unanimidade dos seus membros (21), acorda:

1. Solicitar do Instituto Galego de Vivenda e Solo a declaración da contorna da Fonte da Balsa, zona ARI, para o que:

1. Que os servizos técnicos municipais inicien os expedientes correspondentes para a delimitación concreta do ámbito proposto, determinación do planeamento vixente e parámetros urbanísticos polos que está afectada a área proposta.
